



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Proposta de nomeamento no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 6 prazas de auxiliar administrativo (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

ANUNCIO

Proposta de nomeamento do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, de seis (6) prazas de funcionario de carreira no posto de Auxiliar Administrativo incluídas na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

EXPEDIENTE: 2022/E001/000043 – AUXILIAR ADMINISTRATIVO

Rematado o antedito proceso selectivo, en quenda libre e mediante o sistema de concurso, faise pública a proposta de nomeamento de D^a. **Patricia Serrano Eiroa**, con DNI ***1315**, D. **Iván Folla-Cisneros Vidal**, con DNI ***1118**, D^a. **Ana pena Bello**, con DNI ***2464**, D^a. **María Jesús Castro Teijeiro**, con DNI ***0662**, D^a. **Gemma Isabel Ramírez García**, con DNI ***2504**, e D. **Carlos Siro Rodríguez Guerra**, con DNI ***8804**, para a cobertura de seis (6) prazas de funcionario de carreira no posto de **Auxiliar Administrativo** incluídas na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

As persoas aspirantes propostas deberá acreditar ante o Concello de Carballo, dentro do prazo de VINTE (20) DÍAS HÁBILES desde a publicación da proposta de nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP), os documentos xustificativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

O Alcalde deberá de nomear persoal funcionario de carreira ás persoas aspirantes propostas, no prazo de quince (15) días hábiles a contar desde a terminación dos vinte (20) días anteriores. O nomeamento mencionado publicarase no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e na sede electrónica do Concello. Unha vez publicado o nomeamento de funcionario, este deberá tomar posesión ou incorporarse no prazo dun (1) mes.

En Carballo, 16 de outubro de 2024

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2024/7316